

MUSEO ETNOLÓXICO RIBADAVIA

CURSO

Técnicas de protección de orixinais gráficos e fotográficos

Do 14 ao 18 de xuño de 2010



XACOBEO 2010
Galicia



Museo
Etnolóxico
Ribadavia



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

Para a protección directa do patrimonio cultural sobre soportes gráficos e fotográficos, o mercado pon a nosa disposición un completo abano de materiais deseñados para formatos que están normalizados. Con demasiada frecuencia o estado de conservación, a complexidade de determinadas estruturas morfolóxicas, a presenza de materiais de protección ou enmarcacións históricas ou as necesidades concretas de comunicación dos bens, fan precisa a realización de sistemas de protección específicos e elaborados a man.

Este seminario ten por obxecto considerar os distintos factores que determinan o deseño dos sistemas de protección máis axeitados para cada material e a execución dos mesmos.

Profesor: Ángel Fuentes de Cía
Conservador-restaurador de material fotográfico.

Dirixido a: profesionais do patrimonio histórico, arquiveiros, bibliotecarios, técnicos de museos, documentalistas, historiadores da arte, restauradores e responsables da preservación e custodia de coleccións de orixinais fotográficos e históricos.

Datas: 14 ao 18 de xuño de 2010

Horas lectivas: 30 horas

Horario: mañá: das 9 ás 14 h tarde: das 16 ás 19 h

Lugar: Centro Comarcal do Ribeiro (Avda. Redondela, 3. 32400 Ribadavia, Ourense)

Inscrición: debido ao carácter práctico do curso, a asistencia estará restrinxida a 25 persoas. Farase unha selección baseada na adecuación do solicitante, a súa formación previa e polo contido e necesidades do seu traballo.

Prazo de inscrición: as solicitudes remitiranse ao Museo Etnolóxico (Rúa de Santiago, 10. 32400 Ribadavia, Ourense) xunto co curriculum vitae antes do 4 de xuño de 2010.

Matrícula gratuíta.

Día 14 de xuño (das 16 ás 19 h)
Positivos directos de cámara.
Housings e outros sistemas de protección para daguerrotipos, ambrotipos, ferrotipos e autocromos.

Día 15 de xuño
Soportes de vidro.
Sistemas de protección para almacenamento e transporte de positivos e negativos sobre vidro.

Día 16 de xuño
Obxectos bidimensionais.
Sistemas de protección directa para procedementos sobre papel: procedementos fotográficos de copia, manuscritos, impresos, estampas e debuxos.

Día 17 de xuño
Obxectos tridimensionais.
Sistemas de protección directa para procedementos “3D”: álbumes e libros.

Día 18 de xuño (das 9 ás 14 h)
Sistemas de exhibición.

Organiza:
Museo Etnolóxico. Ribadavia
Consellería de Cultura e Turismo
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Colabora:
Centro Comarcal do Ribeiro
Consellería de Medio Rural

Coordina:
María José Ruiz Vázquez

Información:
Museo Etnolóxico
Rúa de Santiago, 10. 32400 Ribadavia, Ourense.
T 988 471 843 / 988 471 352 **F** 988 470 961
maria.jose.ruiz.vazquez@xunta.es
mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.es

diseño e impresión: estudioacafro



FICHA DE INSCRICIÓN

Nome	Enderezo
	C.P.
Apelidos	
	Localidade
	Provincia
NIF	Teléfono
	Fax
Institución	Correo electrónico